



XORNADA DE RECEPCIÓN DAS FAMILIAS

A.- OBXECTIVOS:

- Facilitar un primeiro contacto ordenado das familias dos alumnos co Centro na súa dimensión institucional, física e humana.
- Prestar a tódolas familias, tanto por parte do Equipo Directivo en representación do Centro como por parte do Titor/a, e Departamento de Orientación unha acollida cálida e afectiva.
- Favorecer o inicio dunha relación titor/a – familia que facilite a confianza e axuda que deben impregnar a acción titorial.
- Dar a coñecer ou recordar e insistir nas normas básicas e elementais de convivencia no Centro así como o funcionamento do mesmo (Regulamento de Réximen Interior).
- Dar a coñecer a familia a organización académica do curso: horarios, profesores, datas de avaliación promoción, características da eso etc,....

B.- ACTIVIDADES:

1ª.- Alumnado de nova incorporación 1º de ESO Reunión xeral no salón de actos o rematar os alumnos 6º de primaria: pais, Equipo Directivo e Orientadora

- Saúdo de acollida por parte do Director/a do Centro e presentación dos demais membros da Equipo Directivo, e da Orientadora.
- Explicación por parte do/a Director/a dos aspectos funcionais máis relevantes en relación co curso que vai comezar en setembro, prazos de matrícula etc
- Explicación por parte da orientadora de aspectos da ESO, criterios de promoción, horarios, normas de convivencia no centro, características da adolescencia etc. .

2ª.- Reunión de comezos de curso coas familias de todo o alumnado do instituto, Reunión xeral no salón de actos: Equipo Directivo, Titores/as, Orientadora

- Saúdo de acollida por parte do/a Director/a do Centro e presentación dos demais membros da Equipo Directivo, dos Titores/as e da Orientadora.
- Explicación por parte do/a Director/a dos aspectos funcionais máis relevantes en relación co curso que acaba de comezar.
- Explicación da orientadora sobre o funcionamento do departamento de orientación, así





como aspectos da ESO etc.

- Cada titor/a irá co seu grupo de pais da súa titoría a aula que lle corresponda., onde lles explicaran con máis detalle aspecto do grupo-clase e do funcionamento do centro

GUIÓN PARA AREUNIÓN TITORES/AS-PAIS DE ALUMNOS/A

TEMAS QUE SE PODEN ABORDAR NA REUNIÓN

1-PRESENTACIÓN E OXECTIVO DA REUNIÓN (potenciar unha relación e comunicación fluida entre as familias e centro educativo, informarlles sobre todos aqueles aspectos relacionados co comenzo do curso escolar. etc)

2. FINALIDADE DA TITORÍA: funcións do titor, actividades da titoría, horario (que se enviou a casa), horario de profesores, equipo directivo e orientadora

3. PROFESORES QUE IMPARTEN AS DIVERSAS ÁREAS: horarios, datas das avaliacións etc.

4. DAR A COÑECER ÓS PAIS A ORGANIZACIÓN E AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO GRUPO: nº de alumnos, optativas, alumnos con áreas pendentes, medidas de reforzo

5. NORMAS DE CONVIVENCIA NO GRUPO E NO CENTRO: R.R.I.

- cuidado do material
- puntualidade
- faltas de asistencia(control, justificantes oficiais, acumulación de faltas de asistencia)
- saídas do recinto escolar (xustificacnte en conserxería, debe vir busca-lo os pais ou titor/a legal)
- explicar o procedemento de actuación no caso de faltas reiteradas de conducta.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.(informar da conveniencia de participar etc.)

7. MÉTODO E PLAN DE TRABAJO NO CENTRO E NA CASA:

- Necesidade de técnicas de traballo intelectual.
- Lugar e horario de estudio.
- Seguimento dos estudos dos seus fillos.
- Incidir na actitude positiva do alumno/a na clase.
- Non deben xustificar o inxustificable
- Conveniencia da comunicación entre os pais e o titor/a

8. INFORMARLLES SOBRE OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN .
ALTERNATIVAS QUE OFRECE O SISTEMA EDUCATIVO Ó TERMINALO CURSO CICLO





OU ETAPA.

- Avaliación cualitativa e cuantitativa(esfuerzo, interese, actitude, asignaturas pendentes, abandono escolar...)
- Promoción ou repetición de curso
- Recuperación de asignaturas pendentes
- Medidas de atención a diversidade.

9. INFORMARLLES QUE VAN A RECIBIR UNHA DOCUMENTACIÓN POLO ALUMNADO SOBRE NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO E HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS

10. INFORMARLLES DA EXISTENCIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, COMO UN RECURSO CO QUE CONTA O CENTRO, E TEN COMO FUNCIÓNS PRIORITARIAS:

- Prevención e detección de dificultades do aprendizaxe.
- Establecer medidas que den resposta ás necesidades educativas especiais.
- Facilitarlles os pais e alumnos asesoramento sobre cambio de ciclo ou etapa, optativas, itinerarios formativos etc.
- Axudar a tomar decisións as familias sobre temas académicos e profesionais dos seus fillos.
- Si precisan contactar coa orientadora, no horario de atención os pais, ou concertar unha entrevista por telf.

10. OUTROS TEMA QUE CONSIDERE DE INTERÉS O TITOR/A

